

Buenos Aires, 13 de setiembre de 1960.

Sr.D.
Ricardo García Suárez
Vigo.

Querido amigo:

Xa debería teros escrito denantes de hoxe, mais fun deixando correr os días con preguiza de facelo, aínda quedando cos amigos como pouco atento e desagradecido. Pra mín a ida a Galicia, aparte da ledicia de voltar a ver aos amigos e familiares, foi algo que me intranquilizóu. Hoxe, pasado xa un pouco de tempo desde que volví, cóstame aínda traballo retornar á miña vida normal. Non podo decirvos en que reside ista intranquilidade nin as miñas dúbidas. Dende logo teño a satisfaiación de ter estado con todos vos e de recibir probas da vosa amizade. Eu quixera que vos tivésedes a seguridade da miña. De tí conservarei sempre o belo paisaxe que me ofreciches, acarón das obrasque mais estimo. E lembrarei ise xantar na tua casa, con Celso Emilio Ferreiro, Del Riego e as donas, coma unha das atenciós que mais me comprometen, por toda a amizade e cordialidade que significou, e por ter sabido lembrar todos xuntos a Maside, o grande amigo de todos nós, que nunca mais poderemos esquecer e que, no outro paso meu por Vigo, apenas poden abrazar. Non quería decirche mais que isto, Agradecervos a vosa amizade, decirche canto estimo o teu cadro, e pedirvos que nos teñades sempre presentes. Unha aperta de Maruja e miña pra tua dona e pra tí, e recibe forte abrazo de:

- 1961.- Grabado argentino. Berna
- 1962.- Grabado argentino. Londres.

As mais importantes personaes de grabado.- x

- 1961.- Galería Sudamericana. Nueva York.
- 1962.- Galería Bonino. Buenos Aires
- 1963.- Galería Engelbertz. Ginebra.

Están representados os grabados en Museo de Arte Moderno de Nueva York; Metropolitan Museum, de Nueva York; Children's Museum, de ~~Detroit~~ Detroit; Museo Nacional de Bellas Artes, de Buenos Aires.

Moitas gracias, e lembranzas aos amigos e pra Mimi de Maruja e miñas. Ti recibe unha grande aperta de: